

ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE TÉCNICO DE XESTIÓN DO CONCELLO DE ARZÚA MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE (EXPEDIENTE: 2025/E003/000002)

En data 24.09.2026, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos, reúnense no Salón de Sesións do Concello de Arzúa as seguintes persoas que integran o Tribunal cualificador para a selección dunha praza de técnico de xestión co obxecto de constituír o mesmo, e asistindo os seguintes membros:

-Presidente: Don Carlos Collazo Martínez; Xefe do servizo de xestión e inspección tributaria e catastral do Concello de Carballo.

-Vogais: Graciela Riveiro Moreira; Secretaria-interventora do Consorcio Provincial contra incendios y Salvamento de A Coruña e Fernando Adolfo de Abel Vilela; Profesor titular de dereito administrativo da USC.

O Secretario suplente: Don Manuel Carramal Silva, Técnico de Administración Xeral da Secretaría Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, non pode estar no momento da constitución do mesmo, incorporándose ás 12:25 horas. Deste xeito, actúa como secretario Fernando Adolfo de Abel Vilela; Profesor titular de dereito administrativo da USC.

María Luisa Sánchez Peñamaría; Xefa da Sección I do Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento de A Coruña desculpa a súa asistencia por motivos laborais.

1.- IMPRESIÓN DO TERCEIRO EXAME.

Procédese á impresión do enunciado do exercicio, tantas copias como aspirantes convocados ao exame, dúas.

De seguido, introdúcense nun sobre pechado que só será aperturado no momento do comezo do exame.

2.- CHAMAMENTO.

Ás 10:00 horas procédese ao chamamento das dúas persoas convocadas, asistindo ambas e que son identificadas mediante a exhibición do dni.

Por parte do Presidente do Tribunal léense as bases no relativo ao terceiro exercicio e sinálase o tempo para a realización do mesmo.

O exercicio é cualificado de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario acadar un mínimo de cinco (5) puntos para poder superalo.

Aos aspirantes sonlle proporcionados folios para dar resposta ás sete preguntas que compoñen o exercicio.

Por outra banda, comunícaselle ás dúas persoas opositoras que a lectura do mesmo farase en sesión pública no mesmo lugar da realización do exame, o Salón de Plenos do Concello de Arzúa ás 13:00 horas e unha vez rematado o tempo de exame e unha pausa.

Sendo ás 10:10 horas e non existindo dúbidas, dáse comezo ao mesmo sinalándose como hora de remate ás 12:10 horas.

3.- DESENVOLVEMENTO DO EXAME.

Durante a realización do exame non se producen incidencias.

O tribunal avisa do tempo restante en distintos momentos para facilitar a xestión do mesmo e a resposta ás cuestión plantexadas.

Ás 12:10 horas dáse por rematado o tempo de exame e procédese á recollida dos exercicios.

4.- LECTURA DOS EXAMES.

Ás 13:00 horas procédese á lectura dos exames e na seguinte orde:

- a.- Berta Lorenzo Pazos.
- b.- Alberto Blanco Sanmartín.

5.- RESULTADOS DO TERCEIRO EXERCICIO.

Unha vez rematadas as lecturas o tribunal realiza as deliberacións e procede á comparación das respostas formuladas polas dúas persoas aspirantes coas que constan no documento elaborado con carácter previo a modo de criterios de corrección.

Deste xeito, e por unanimidade, outórganse as cualificacións que a continuación se detallan:

Pregunta	1	2	3	4	5	6	7	TOTAL
Berta Lorenzo Pazos	1,50	1,50	0,75	0,70	0,50	1,00	1,50	7,45
Alberto Blanco Sanmartín	1,50	1,00	0,00	0,50	0,00	0,00	0,75	3,75

6.- COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Considerando que Berta Lorenzo Pazos acredita o coñecemento da lingua galega xa que conta co CELGA 4, é polo que está exenta da súa realización, resultando cualificada como apta.

7.- RESULTADOS TOTAIS E PROPOSTA DE NOMEAMENTO.

	1º exame	2º exame	3º exame	TOTAL
Berta Lorenzo Pazos	7,33	6,00	7,45	20,78

Considerando o disposto na base 10ª das que rexen o presente procedemento selectivo é polo que se propón o nomeamento como funcionaria de carreira do subgrupo A2 do Concello de Arzúa para a praza de técnico de xestión a dona Berta Lorenzo Pazos.

8.- PUBLICACIÓN DO RESULTADO.

O tribunal acorda a publicación dos resultados no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Arzúa sinalando que contra os acordos do tribunal pode interpoñerse recurso de alzada sen prexuízo de calquera outro que se estime pertinente.

E non habendo máis asuntos a tratar, por parte da Presidencia dáse por rematada a sesión ás 13:45 horas do día sinalado ao comezo.